




2

estou
que non
me lambo



FUNCIÓNS COMUNICATIVAS	COÑECEMENTO DO CÓDIGO			CONTIDOS SOCIOCULTURAIS
	LÉXICO	GRAMÁTICA	FONÉTICA E ORTOGRAFÍA	
❖ Entender e aventurar un diagnóstico ❖ Localizar e describir unha dor	❖ Medicina e farmacia (analxésico, antibiótico etc.)	❖ Pronome persoal: se reflexivo ❖ Casos especiais na flexión de xénero e número ❖ Perífrases verbais: modal de probabilidade ❖ Tipoloxía textual: o prospecto dun medicamento	❖ As parénteses ❖ Conectores textuais: fórmulas de exemplificación ❖ GALEGO EN ACCIÓN: O plano dun hospital	❖ O sistema sanitario galego



Actividade introdutoria

1. Como se presentan os medicamentos? Continúa ti:

Os medicamentos pódense presentar como....

Xarope

Crema

...

2. Que meto na caixa de primeiros auxilios? (Só podes elixir cinco cousas)

Unha vez que elixas, faise unha posta en común e xustificas as túas eleccións e os teus descartes.

tiras adhesivas

alcol

auga osixenada

gasas

mercromina

esparadrapo

pílulas para dor de moas

algo para o arrefriado

gotas para os oídos

gotas para os ollos

xarope para a gorxa


efervescentes para a dor de cabeza

crema para a dor muscular

mastigables para o ardor de estómago

spray repelente de mosquitos





3. Cambiarías a túa elección se foses a...

Un banquete de vodas.

Quince días de safari.


Viaxe de negocios a Nova York.

Por que?

4. Que sacarías da túa caixa de primeiros auxilios para darlles a estas persoas?

Por que?





Gramática e léxico

Prácticas guiadas

GRAMÁTICA SELECTIVA

Para indicar onde se ten unha dor pódense usar estas expresións:

<i>A min dóeme...</i>	<i>Sinto/noto unha dor en...</i>
<i>A ti dóeche...</i>	<i>Sentes/notas unha dor en...</i>
<i>A el dóelle...</i>	<i>Sente/nota unha dor en...</i>
	<i>Onde me doe é en...</i>

Vai seguido da frase nominal que indica a localización da parte do corpo (revisar léxico Celga 1)

A cabeza
O pescozo
Unha perna

Estas localizacións son moi xerais, pero pódense concretar a través de modificadores:

O dedo meiniño da man esquerda
A parte de atrás da cabeza
O pescozo pola parte de atrás
Arredor do nocello

Ou senón a través da introdución de condicionantes ou circunstancias:

Se ergo o brazo por enriba da cabeza, dóeme...
Se aperto forte a man, noto unha dor...
Cando engulo a comida, dóeme...
Ao dobrarme pola cintura, sinto...

Para lle pedir aclaracións ao doutor, pódese empregar algunha destas expresións:

Entón vostede cre que...
Logo teño que...
Polo tanto, é recomendable que...

Casos particulares de xénero e número:

Lembra que no campo da medicina nos atopamos con varias palabras con xénero dubidoso.

<i>A dor</i>	<i>A hepatitis</i>
<i>A parálise</i>	<i>A análise</i>


(os nomes das enfermidades que rematan en -se, -te, en xeral son femininos)

O SE REFLEXIVO

Os pronomes reflexivos (me, te, se, nos, vos, se) aparecen cando executamos unha acción sobre nós mesmos de forma voluntaria:

Erguinme da cama/Erguíche da cama
Erguéronse da cama/Erguémonos da cama
Erguéstesvos da cama/Erguéronse da cama

* Outros verbos frecuentes que poden ter uso reflexivo son: peitearse, ducharse, vestirse, espirse...



Léxico

Coloquial: dar unhas medicinas

Estándar: receitar unhas medicinas

Culto: prescribir uns medicamentos

Coloquial: coller vez

Estándar: pedir cita

Culto: concertar cita

Coloquial: estar mallado

Estándar: estar malo

Culto: estar doente, estar indisposto

Coloquial: o matasáns

Estándar: o médico


Culto: o doutor, o facultativo

Coloquial: estar coma unha rosa

Estándar: estar ben

Culto: gozar de boa saúde





5. Mira as recomendacións dos servizos médicos dunha empresa de aviación.

Por parágrafos, que un compañeiro vaia lendo e outro xesticule diante da clase as recomendacións que se fan.

Cambios na presión

Durante as fases de despegue e aterraxe prodúcense axustes da presión. O viaxeiro pode notar algunhas sensacións de taponamento no oído. Para evitar a molestia, é preciso igualar a presión no oído medio, o que se pode conseguir cerrando o nariz cos dedos e soprando suavemente sen sacar o aire; tamén mascando chicle ou, o que é aínda máis sinxelo, soando o nariz cun pano.

Humidade

Dentro do avión, a humidade é máis baixa do normal, oscila entre un 10-20%. Por iso pode haber unha sensación de lixeira sequidade sobre a pel, as vías respiratorias e a córnea. Para diminuír estas sensacións, é necesario evitar o alcol e o café xa dende o día antes da viaxe, porque ambas as substancias teñen un efecto deshidratante. Durante o voo, é moi recomendable beber auga ou zumes en abundancia e, mesmo, usar unha crema hidratante para a pel.

Espazo e movemento

Estar sentado longos períodos de tempo é tolerable para a maioría das persoas; pero para algunhas existe a posibilidade de que se lles inchen os pés ou os nortellos, ou ben que aumenten algúns problemas circulatorios. Tal é o caso da trombose venosa profunda (TVP); ocorre raramente e en xente especialmente predispuesta cando se dan períodos prolongados de inmovilidade.


En prevención, equípese para voar con roupa pouco axustada e preferiblemente de fibra natural, co fin de favorecer unha menor presión sobre a pel. Mova os membros inferiores no mesmo lugar onde está sentado (mova os dedos dos pés, os nortellos, flexione e estenda as pernas). Aconsellamos tamén que se poña de pé, que contraia os brazos e pernas e incluso que dea ocasionalmente un pequeno paseo pola cabina, naqueles momentos en que o servizo ao resto dos pasaxeiros non se vexa afectado e as condicións de voo o permitan, prestando especial atención ao sinal de cintos e ás instrucións da tripulación.

...

Ademais destas pequenas recomendacións, non dubide en lle preguntar ao seu médico, que o poderá aconsellar con máis amplitude segundo o caso en concreto.

SERVIZO MÉDICO DE IBERIA

FONTE: www.iberia.com (adaptado).



Os síntomas

6. Asocia síntomas con enfermidades.

Ollos chorosos
Mucosidade
Lingua branca
Gorxa inflamada
Febre
Mareos
Vertixe
Dor de barriga
Dificultade para respirar
Voz rouca
Dor de peito
Dor de costas
Picor por todo o corpo
Manchas na pel

Gripe

Xarampón

Gastroenterite


Infarto

7. Escoita esta conversa entre médico e paciente e vai tomando nota dos síntomas que explica esta. 

Que lle diagnosticarías ti?

Baseándote en que síntomas?





8. Es partidario da medicina natural? Os remedios naturais son unha alternativa que ofrece a menciña popular aos medicamentos. Serías quen de completar as palabras que faltan neste texto?

A meteoroloxía galega fai que o catarro sexa unha das afeccións comúns máis habituais durante as estacións de outono e inverno. Pouco grave, pero sí moi, este mal pódese empregando algún dos seguintes remedios:

- Mollar un algodón en tintura de iodo e facer con el liñas cruzadas en vertical e horizontal no peito.
- Beber de ourego. Se temos plantado ourego no noso terreo, debemos recollelo unha vez maduro e poñelo ao sol para que Unha vez seco debemos metelo nun tarro de cristal para que se conserve o maior tempo posible. Con este ourego facemos unha que é tomar pola noite.
- Tomar unha de ponche ben quente con leite, ao que se lle pode engadir unha de ovo. Tamén ao leite quente se lle poden engadir unhas de augardente, en vez de ponche.
- Beber viño con unto (graxa de curada ao aire). Este remedio faise fervendo un pouco de unto co viño, preferiblemente tinto. Unha vez frío, tomar varias veces ao día.
- Respirar vapores de auga con eucalipto. Collíanse as follas de eucalipto e ben. Unha vez fervidas levábanse para un cuarto, para logo tomar os seus
- Aplicar sebo de carneiro. Derretíase o sebo de carneiro nunha, con el humedeciase un pano e poñíase no peito ata que arrefriase.
- Preparar un caldo e tomalo coma un xarope. Nun pouco de auga unha cebola, unha folla de loureiro, un pouco de limón e Déixase cocer todos estes ingredientes durante unha hora e tómase pouco a pouco.


FONTE: www.infobrion.com

9. Lede agora as vosas respostas e comentade na clase se algunha vez aplicastes algún destes remedios ou se coñecedes outros para as mesmas enfermidades.

Foron efectivos?

10. Di que remedios naturais aplicarías ti para estoutra enfermidade: dor de gorxa.

Redacta seguindo o modelo anterior, se non sabes ningún podes inventalos.



11. Conversa para pedir cita telefónica: escoita e anota na axenda da enfermeira os datos. 

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO

MES

ANO




Galego en acción

O plano dun hospital



12. Fai unha enumeración de todas as recomendacións ou peticións que se poderían facer nos cartaces ou letreiros que aparecen nos corredores deste hospital.

13. Agora por grupos de tres persoas e tomando como modelo os carteis que hai na recepción deste hospital, ides idear un cartel ou nota que se podería pegar na parede xunto cos outros.



14. Traballando de novo en grupos de 3, coloca estas denominacións sobre o plano e logo discute as vosas localizacións.

LETREIROS

Urxencias

Enfermería

Doazón de sangue


Oncoloxía

Traumatoloxía

Recepción

Cardioloxía

IMAXES





abc

Tipoloxía textual

Prospecto dun medicamento



ASPIRINA® C

comprimidos efervescentes

Lea todo o prospecto porque contén información importante para vostede.

Este medicamento pode obterse sen receita, para o tratamento de afeccións menores, sen a intervención dun médico. Malia isto, debe vostede utilizar con coidado Aspirina C comprimidos efervescentes para obter os mellores resultados.

- Conserve este prospecto, pode ter que volver lelo.
- Se precisa información adicional, consulte co seu farmacéutico.
- Se os síntomas empeoran, se a dor persiste durante máis de 10 días ou a febre durante máis de 3 ou se aparecen outros síntomas, como por exemplo vómitos e mareos, debe consultar o seu médico.

1. QUE É ASPIRINA C E PARA QUE SE UTILIZA

Aspirina C son comprimidos efervescentes.

Preséntase en envases de 10 e 20 comprimidos efervescentes.

É un medicamento eficaz para reducir a dor e a febre.

Está indicado no alivio sintomático das dores ocasionais leves ou moderadas, como dores de cabeza, dentais, menstruais ou de lombo (lumbalxias), estados febrís.


2. TOMA ASPIRINA C CON ALIMENTOS E BEBIDAS

Tome este medicamento despois das comidas ou con algún alimento.

Se vostede consome habitualmente alcol (por exemplo, tres ou máis bebidas alcólicas -viño, cervexa...- ao día), tomar aspirina C pódelle provocar unha hemorraxia de estómago.

IMPORTANTE PARA A MULLER

Se está vostede embarazada ou cre que podería estarlo, consulte o seu médico antes de tomar este medicamento. O consumo deste medicamento durante o primeiro e segundo trimestre de embarazo pode ser perigoso para o feto e debe ser vixiado polo seu médico. Non deberá tomar este medicamento durante o terceiro trimestre de embarazo.



15. Fai unha lectura do texto e di se isto é verdadeiro ou falso:

Podo tomar este medicamento ás cinco da mañá.

Ao estar embarazada de tres meses podo tomalo.

Escordei un dedo da man dereita e estaría ben que tomase este medicamento.

Bebín tres copas de viño á comida, por riba podo tomar sen problema este medicamento.

É o cuarto día de enfermidade e sóbeme a febre, sigo tomando o medicamento coma se nada.

☐
☐
☐
☐
☐

16. Por parellas, escribide vós o prospecto dun destes medicamentos imitando o modelo anterior.

DORMITONA

TORCETIL

APANDAVIR

PROBABILIDADES E EXEMPLOS

Para indicar a probabilidade de que algo suceda, pódense utilizar perífrases:

PODER+INFINITIVO

DEBER+INFINITIVO

Deben ser as seis da tarde.

Para introducir exemplos nun texto podemos utilizar varias fórmulas:


Por exemplo...

Como por exemplo...

Como...

Outras posibilidades: isto é...





Modelo actividade Celga

17. Escoita esta mensaxe que nos dan dende a Consellería de Sanidade e vai anotando.



Como se chama o novo plan que se vai aprobar?

Cando se vai botar a andar?

Que tanto por cento de mulleres hai na poboación galega?

A quen se dirixe a conselleira de Sanidade no vídeo?

Que peticións fai?

18. Le este texto de *La Voz de Galicia* que se relaciona coa sanidade. Explica en voz alta para o resto dos compañeiros o que queren dicir estas expresións do texto: *(Recoméndase usar texto 1 da unidade 2)*

Buscamos máis prestacións na sanidade pública galega.


É unha doenza progresiva e discapacitante.

Consiste nunha inchazón crónica nunha ou en varias partes do corpo.

As consecuencias poden ser desastrosas e irreversibles.

Unha parte mínima dos casos son conxénitos.

Cales son as reivindicacións desta asociación que se vai legalizar?



Contido sociocultural

O sistema sanitario galego



Galicia dispón dunha ordenación territorial da sanidade propia, organizada en áreas sanitarias e, dentro do seu ámbito, en distritos hospitalarios e zonas de atención primaria, coherente coa súa realidade sanitaria. A ordenación sanitaria galega comprende:

Áreas sanitarias

A estas áreas correspóndelles a xestión unitaria dos recursos sanitarios públicos do seu ámbito territorial, así como das prestacións e programas sanitarios que desenvolvan.

O ámbito xeográfico determinarase por decreto do Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Sanidade, en función das necesidades sanitarias da comunidade autónoma e tendo en conta factores xeográficos, socioeconómicos, demográ-



ficos, laborais, meteorolóxicos e de dotación de vías e medios de comunicación. Estas son:

Ferrol	A Coruña	Cervo
Santiago de Compostela	Lugo	Salnés
Pontevedra	Vigo	Ourense
Monforte	Barco de Valdeorras	

Zonas de atención primaria

Constitúen as unidades elementais onde se presta a atención primaria de saúde. Unha ou varias zonas de atención primaria poden estar agrupadas ou interrelacionadas para a prestación de servizos de apoio, incluíndo a atención continuada.

O Servizo Galego de Saúde realiza a súa delimitación conforme a criterios funcionais de índole xeográfica, demográfica, epidemiolóxica e de accesibilidade, tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación.

Texto adaptado de www.sergas.es



Transcripción do audio

7. Conversa entre médico e paciente.

MÉDICO: Bos días, señora. Tome asento, por favor.

PACIENTE: Bos días, doutor.

MÉDICO: Que a trae por aquí logo?

PACIENTE: Verá doutor, hai un par de días que me veño notando mal e decidín facerlle unha visita.

MÉDICO: Que lle pasa entón?

PACIENTE: Noto que teño dificultade para baixarme, sinto unha dor forte no fondo do lombo cando o intento.

MÉDICO: Xa, xa... E cando fai ese movemento, maréase?

PACIENTE: Non, non. Nada de mareos. Só unha dor intensa nas costas.

MÉDICO: Vale, e esa dor localízase aí ou tamén nalgún outro sitio?

PACIENTE: O certo é que ás veces báixame pola perna esquerda e chega mesmo á altura do xeonllo. É tan forte que logo teño que poñerme outra vez dereita con moito coidado...

MÉDICO: Levou algún golpe recentemente nesa zona?

PACIENTE: Non, que eu recorde. En calquera caso, nada importante, senón lembrárame.

MÉDICO: Colleuna o frío?

PACIENTE: Si, estiven hai un par de días con algo de mocos; pero tomei leite con mel e parece que me fixo.

MÉDICO: Xa...

11. Conversa para pedir cita telefónica.

Soa o teléfono.

ENFERMEIRA: Bos días...

ENFERMEIRA: Si, si, aquí é... Dígame.


ENFERMEIRA: Non, o luns pola tarde a doutora non colle citas. Síntoo, imos ter que buscar outra data.

ENFERMEIRA: O xoves vénlle ben?

ENFERMEIRA: Mire, téñolle ás cinco e media e ás sete, cal lle vén mellor?

ENFERMEIRA: Moi ben, anoto entón para as sete. Dime o seu nome?

ENFERMEIRA: Eliseo Martínez. Moi ben, Eliseo, quedamos así logo.



ENFERMEIRA: É a primeira vez que vén Eliseo?

ENFERMEIRA: Vale, buscamos logo o seu expediente para darllo á doutora.

ENFERMEIRA: Grazas a vostede.

Soa o teléfono.

ENFERMEIRA: Boa tarde, clínica da doutora Sánchez.

ENFERMEIRA: Si, si, aquí é...

ENFERMEIRA: Moi ben, e para cando tiña vostede?

ENFERMEIRA: O martes ás cinco... Encarnación Vicente?

ENFERMEIRA: E para cando quería cambiar?

ENFERMEIRA: Non, o martes da próxima semana á mesma hora está ocupada.

ENFERMEIRA: Nesta semana si que aínda pode quedar algo. O mércores ás catro?

ENFERMEIRA: Moi ben, anoto entón para ese día.

ENFERMEIRA: Grazas a vostede.